



CONCELLO DE SADA

Edificio municipal de uso
administrativo
Avda. da Mariña, 25 (Sada)
15160 Sada (A Coruña)
Tfno.: 981 62 00 75
Fax: 981 62 12 74
<https://sede.sada.gal>

Expte. núm. 2022/G010/000018
Sesión núm. 18/2022-Pleno

DECRETO DA ALCALDÍA DA CONVOCATORIA DO PLENO

De conformidade co establecido no artigo 46, apartados 2 e 3 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local e nos artigos 78 e 80 do real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais,

RESOLVO

PRIMEIRO.- Convocar sesión do Pleno do Concello nas data e hora que se indican en primeira convocatoria, e corenta e oito horas máis tarde en segunda convocatoria coa seguinte orde do día:

Sesión de: Pleno	Data da sesión: 29 de decembro do 2022
Convocatoria: Ordinaria	Hora: 20.00
	Lugar: Salón dos Plenos da Casa do Concello

ORDE DO DÍA

- 1º.- Aprobación das actas (sesións núms. 16 e 17/2022).
 - 2º.- Compatibilidade dun funcionario municipal.
 - 3º.- Reequilibrio económico do contrato da concesión da piscina e do pavillón polideportivo polo período de xullo do 2020 ata xaneiro do 2021.
 - 4º.- Recurso de reposición contra a aprobación definitiva da modificación da RPT (Q002-17).
 - 5º.- Recurso de reposición contra a aprobación definitiva da modificación da RPT (Q002-18).
 - 6º.- Recurso de reposición contra a aprobación definitiva da modificación da RPT (Q002-20).
 - 7º.- Recurso de reposición contra a aprobación definitiva da modificación da RPT (Q002-22).
 - 8º.- Recurso de reposición contra a aprobación definitiva da modificación da RPT (Q002-23).
 - 9º.- Recurso de reposición contra a aprobación definitiva da modificación da RPT (Q002-24).
 - 10º.- Control da actividade dos restantes órganos da Corporación.
- A. Decretos e resolucións da Alcaldía ditados dende o 21 de novembro (núm. 1829) ata o 23 de decembro do 2022 (núm. 2091).
- B. Mocións.
- C. Rogos e preguntas.

SEGUNDO: Dar traslado da presente Resolución aos sres. concelleiros membros do órgano colexiado, advertíndolles de que, conforme co disposto polo artigo 12.1 do RD 2568/86 do 28 de novembro, deberán comunicar con antelación necesaria calquera causa xustificada que implique a imposibilidade de asistir á citada sesión.

TERCEIRO: Que se poña a disposición dos concelleiros a documentación íntegra dos asuntos incluídos na orde do día que deban servir de base para o debate e, de ser o caso, votación, na Secretaría do Concello, aparte da súa posta a disposición a través da sede electrónica municipal ou da súa remisión por medios dixitais.

Documento asinado dixitalmente pola alcaldesa, María Nogareda Marzoa, e pola secretaria do Concello, María del Carmen Seoane Bouzas, o 26 de decembro do 2022.

Documento electrónico asinado dixitalmente do que se garante a súa integridade mediante o seu cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe (artigo 42.b da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público).